

o disposto no parágrafo precedente, sempre que, no momento da entrada en vigor do citado real decreto, tales instalacións e equipamentos fosen conformes co Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, aprobado polo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, na primeira verificación sistemática realizada.

2. Aquelas instalacións de xeración que estiveren clasificadas como puntos de medida tipo 5 e que en virtude da nova clasificación establecida por este regulamento pasan a clasificarse como puntos de medida dun tipo superior, deberán substituír os seus equipamentos de medida antes do 1 de xullo de 2011.

3. Nos puntos de medida tipo 5, regulados no Real decreto 1433/2002, do 27 de decembro, poderanse seguir utilizando os equipamentos de medida xa instalados, ata a súa substitución en cumprimento do Plan de substitución de contadores previsto na disposición adicional vixésimo segunda do citado Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro.

4. O prazo para a instalación ou, de ser o caso, substitución dos equipamentos de medida existentes en bornes de grupo, para a medida da enerxía bruta xerada, será de dous anos desde a entrada en vigor deste regulamento.

5. Poderán ser utilizados ata o momento da súa substitución por equipamento novo aqueles transformadores de medida que cumpran os requisitos establecidos para tal efecto nas instrucións técnicas complementarias vixentes.

Así mesmo, poderán ser utilizados ata o momento da súa substitución por equipamento novo aqueles transformadores que alimenten sistemas de medida de tres fíos, sempre que cumpran os requisitos establecidos para tal efecto nas instrucións técnicas complementarias.

Adicionalmente para todos, as súas características de tensión e intensidade no secundario e a súa potencia de precisión deberán estar adaptadas á súa carga e deberán cumprir cos regulamentos e disposicións vixentes na data da súa posta en servizo.

Os transformadores que non cumpran todos estes requisitos mínimos deberán ser substituídos nos prazos que se indican nesta disposición para o resto de elementos do mesmo tipo de punto de medida de que se trate.

Disposición transitoria terceira. Rexistros de calidade en equipamentos de medida de clientes.

A obriga para todos os equipamentos de medida de clientes de incorporar rexistros dos parámetros relativos á calidade do servizo, prevista no artigo 8 deste regulamento, só alcanza os equipamentos de nova instalación, tanto correspondentes a novos puntos de subministración como á substitución de equipamentos existentes. Tal obriga será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2008 para puntos de medida tipos 1, 2 e 3, e a partir do 1 de xaneiro de 2010 para puntos de medida tipo 4, isto sen prexuízo de que todos os equipamentos utilizados ata esas datas deban cumprir o resto de disposicións establecidas neste regulamento e os seus desenvolvementos normativos. Para os equipamentos de medida tipo 5 esta obriga será de aplicación con base na execución do Plan de substitución de contadores previsto na disposición adicional vixésimo segunda do Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro.

Disposición transitoria cuarta. *Utilización de perfís de consumo en puntos de medida tipo 5.*

Mentres se manteña a existencia do sistema tarifario integral, aos consumidores cuxos puntos de medida correspondan cos tipos 4 e 5 non lles resultará de aplicación o contido no artigo 31.1. En calquera caso, os equipamentos de medida das devanditas subministracións deberán cumprir co establecido para eles neste regula-

mento co fin de garantir a obtención dos datos para a correcta facturación das tarifas que lles sexan de aplicación.

Unha vez que desapareza o sistema tarifario integral, aplicaráselles a estes equipamentos os perfís de consumo que para o efecto se establezan de acordo co sinalado no artigo 31.1 deste regulamento.

## XEFATURA DO ESTADO

**16535** *REAL DECRETO LEI 8/2007, do 14 de setembro, polo que se modifican determinados artigos da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada.* («BOE» 225, do 19-9-2007.)

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada, regula a prestación por persoas privadas, físicas ou xurídicas, de servizos de vixilancia e seguranza de persoas ou de bens, que terán a consideración de actividades complementarias e subordinadas respecto ás de seguranza pública.

Para a prestación destes servizos, tanto as empresas como o persoal de seguranza deben cumprir unha serie de requisitos, entre os cales destacan a exixencia de que as empresas de seguranza adopten a forma societaria, que posúan un capital social na contía mínima que se determine, que conten con determinados medios materiais e humanos e que presten certas garantías para atender o cumprimento das obrigas derivadas de seu funcionamento. Así mesmo, polo que se refire ao persoal de seguranza, a vixente normativa exige a obtención dunha habilitación co carácter de autorización administrativa, para cuxo efecto se deberá acreditar o cumprimento de determinados requisitos tanto persoais como académicos.

A exixencia de tales requisitos baséase en que a natureza das funcións que se van desenvolver, como complementarias e subordinadas das de seguranza pública, require o establecemento dunha serie de controis rigorosos que garantan a prestación dos correspondentes servizos por empresas solventes, cualificadas e dotadas dos medios necesarios e axeitados, e así llo puxo de manifesto o Goberno español á Comisión Europea en reiteradas ocasións.

Non obstante, o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, en sentenza do 26 de xaneiro de 2006, analizou a compatibilidade da regulación establecida na Lei 23/1992, do 30 de xullo, co dereito comunitario e considerou que a excepción de orde pública non ampara neste suposto a exclusión das liberdades de establecemento e de prestación de servizos dentro da comunidade, previstas nos artigos 43 e 49 de seu tratado constitutivo.

En síntese, os requisitos que, en virtude da citada sentenza, supoñen restricións á liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos no marco da Unión Europea, son os seguintes:

En primeiro lugar, entende o tribunal que o feito de que, practicamente en todos os casos, as empresas de seguranza privada deban ser persoas xurídicas supón unha restrición ao dereito de establecemento que non está xustificada por razóns de seguranza pública, ao existiren outros medios menos restritivos para acadar o obxectivo da protección dos destinatarios das prestacións de seguranza privada, tales como o depósito dunha fianza ou a subscrición dun contrato de seguro.

Respecto á constitución de garantías, sinala o tribunal que a normativa española axuzada exige o depósito dunha fianza nun organismo español, a Caixa Xeral de

Depósitos, para responder ás eventuais responsabilidades ou ao pagamento de multas, sen ter en conta as garantías constituídas, se é o caso, no Estado membro de orixe.

En canto ás disposicións que fixan unha cadro de persoal mínimo para as empresas de seguranza, o Tribunal de Xustiza entende que se deben analizar como un obstáculo á liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos, na medida en que fan máis onerosa a constitución de sucursais ou filiais en España e disuaden as empresas de seguranza privada estranxeira de ofrecer os seus servizos no mercado español. Como excepción, considera o tribunal que a exixencia dun cadro de persoal mínimo nas empresas dedicadas ao transporte e distribución de explosivos resulta xustificada.

Polo que se refire á exixencia de que o persoal de seguranza privada estea en posesión dunha autorización administrativa específica ou habilitación, expedida polas autoridades españolas, sinala a sentenza que a normativa española non prevé a posibilidade de tomar en consideración os requisitos que xa acreditase cada un dos integrantes do persoal destas empresas no seu Estado membro de orixe.

Finalmente, indica a sentenza que, en relación coa profesión de detective privado, se deberán efectuar as modificacións normativas necesarias para garantir o recoñecemento mutuo das cualificacións profesionais para o exercicio desa actividade.

Como resultado do pronunciamento, dado que a execución deste tipo de sentenzas non a leva a cabo o propio tribunal, senón que implica unha actuación positiva por parte do Estado membro en cuestión, é este quen, en virtude do artigo 228 do Tratado da Comunidade Europea, está obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza aludida nos seus propios termos.

En seguimento, pois, da doutrina do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas acerca do modo en que se debe dar correcto cumprimento ás súas sentenzas, a posible compatibilidade entre unha norma nacional e unha norma comunitaria, incluso de efecto directo, debe ser eliminada definitivamente mediante disposicións internas de carácter obrigatorio que teñan o mesmo valor xurídico que as que deban ser modificadas.

Por todo isto, os artigos da Lei 23/1992, do 30 de xullo, afectados pola sentenza en cuestión, deben ser reformados por unha norma con forza de lei, cumpríndose, neste caso, a condición establecida no artigo 86 da Constitución, referente á existencia dunha situación de extraordinaria e urxente necesidade, para que se poida utilizar para tal fin o instrumento do real decreto lei.

En efecto, concorre a existencia dun presuposto habilitante, a que se refire a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, no cal a necesidade de orixe da norma deba ser de tal natureza que non poida ser atendida pola vía do procedemento lexislativo de urxencia, debido á exixencia da súa inmediatez. Neste caso, atopámonos ante unha necesidade imprevista, provocada pola decisión do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. Esta sentenza supón en si mesma o nacemento dunha obriga de cumprimento que non se pode dilatar no tempo e que debe concluír no prazo máis breve posible.

Por isto, é necesaria unha execución inmediata; por un lado, pola obriga antes aludida, e, por outro, para impedir o xurdimento de situacións de feito ambiguas, que lesionen a libre concorrencia no sector.

De maneira complementaria, neste real decreto lei queda igualmente prevista a obriga de proceder a realizar aquelas adaptacións de natureza regulamentaria imprescindibles para a completa execución do contido da sentenza. Esas modificacións, que exixen a habilitación previa legal que proporcionan, precisamente, os cambios

que con este real decreto lei se incorporan na Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada, concretaranse nunha inmediata modificación do Regulamento de seguranza privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro do Interior e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2007,

## DISPÓN O :

**Artigo único.** *Modificación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada.*

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada, queda modificada como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 1.

1. Esta lei ten por obxecto regular a prestación por persoas, físicas ou xurídicas privadas, de servizos de vixilancia e seguranza de persoas ou bens, que terán a consideración de actividades complementarias e subordinadas respecto ás de seguranza pública.

2. Para os efectos desta lei, unicamente poden realizar actividades de seguranza privada e prestar servizos desta natureza as empresas de seguranza e o persoal de seguranza privada, que estará integrado polos vixilantes de seguranza, os vixilantes de explosivos, os xefes de seguranza, os directores de seguranza, os escoltas privados, os gardas particulares do campo, os gardas de caza, os gardapescas marítimos e os detectives privados.

3. As actividades e servizos de seguranza privada prestaranse con absoluto respecto á Constitución e con suxeición ao disposto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico. O persoal de seguranza privada aterase nas súas actuacións aos principios de integridade e dignidade; protección e trato correcto ás persoas, evitando abusos, arbitrariedades e violencias e actuando con congruencia e proporcionalidade na utilización das súas facultades e dos medios dispoñibles.

4. As empresas e o persoal de seguranza privada terán obriga especial de auxiliar as forzas e corpos de seguranza no exercicio das súas funcións, de prestarlles a súa colaboración e de seguir as súas instrucións en relación coas persoas, bens, establecementos ou vehículos de cuxa protección, vixilancia ou custodia estivesen encargados.»

Dous. O artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7.

1. A prestación de servizos de seguranza privada a que se refire o artigo 5 desta lei levarana a cabo empresas de seguranza, que poderán revestir a forma de persoa física ou de persoa xurídica.

2. Para a prestación dos servizos e actividades de seguranza privada establecidos nesta lei, as empresas de seguranza deberán obter a oportuna autorización administrativa mediante o procedemento que se determine regulamentariamente, para cuxo efecto deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter por obxecto social exclusivo todos ou algún dos servizos ou actividades establecidos no artigo 5.

b) Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c) Contar cos medios humanos, de formación, financeiros, materiais e técnicos que se determinen regulamentariamente. En particular, cando se prestan servizos para os cales se precise o uso de armas, deberanse adoptar as medidas que garantan a súa axeitada custodia, utilización e funcionamento, na forma que se determine.

d) Subscribir un contrato de seguro de responsabilidade civil ou constituír outras garantías financeiras na contía e coas condicións que se determinen regulamentariamente.

e) Constituír a fianza que se determine regulamentariamente á disposición das autoridades españolas para atender as responsabilidades que derivan do funcionamento da empresa por infraccións á normativa de seguranza privada.

3. Para os efectos previstos nas letras d) e e) do número 2 teranse en conta os requisitos xa exixidos no Estado membro de orixe no referente á subscripción do contrato de seguro de responsabilidade civil ou outras garantías financeiras, así como no relativo á constitución de fianzas.

4. As empresas de seguranza, tanto se son persoas físicas como xurídicas, autorizadas para a prestación de servizos de seguranza privada consonte a normativa de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dos Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberanse inscribir no Rexistro de Empresas de Seguranza que se leva no Ministerio do Interior, para cuxo efecto deberán acreditar a súa condición de empresas de seguranza e o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei, na forma que se determine regulamentariamente.

5. A perda dalgún dos requisitos indicados producirá a cancelación da inscrición, que será acordada polo ministro do Interior, en resolución motivada ditada con audiencia do interesado.

6. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, as empresas de seguranza que teñan por obxecto exclusivo a instalación ou mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguranza, así como o asesoramento e planificación de actividades de seguranza, poderanse eximir do cumprimento dalgún dos requisitos incluídos neste artigo, cando así se determine regulamentariamente.»

Tres. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9.

1. Cando as empresas de seguranza revistan a forma de persoa xurídica, deberán reunir os requisitos establecidos na lexislación mercantil.

2. As empresas a que se refire o número anterior estarán obrigadas a comunicarlle ao Ministerio do Interior todo cambio que se produza na titularidade das accións ou participacións e os que afectan o seu capital social, dentro dos quince días seguintes á súa modificación.

3. Así mesmo, en igual prazo, deberán comunicar calquera modificación dos seus estatutos e toda variación que sobreveña na composición persoal dos órganos de administración e dirección das empresas.»

Catro. O artigo 10 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 10.

1. Para o exercicio das funcións de seguranza privada, o persoal a que se refire o artigo 1, número 2, desta lei, deberá obter previamente a correspondente habilitación do Ministerio do Interior, co

carácter de autorización administrativa, en expediente que se instruirá por instancia do propio interesado.

2. Para a obtención da habilitación indicada no número anterior, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

b) Ser maior de idade e non alcanzar, se é o caso, a idade que se determine regulamentariamente.

c) Posuír a aptitude física e a capacidade psicolóxica necesarias para o exercicio das funcións.

d) Superar as probas oportunas que acrediten os coñecementos e a capacidade necesarios para o exercicio das súas funcións.

e) Carecer de antecedentes penais.

f) Non ter sido sancionado nos dous ou catro anos anteriores por infracción grave ou moi grave, respectivamente, en materia de seguranza privada.

g) Non ter sido separado do servizo nas forzas armadas, forzas e corpos de seguranza, nin ter exercido funcións de control nas entidades, servizos ou actuacións de seguranza, vixilancia ou investigación privadas, nin do seu persoal ou medios, como membros das forzas e corpos de seguranza, nos dous anos anteriores.

h) Non ter sido condenado por intromisión ilegítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais, nos cinco anos anteriores á solicitude.

3. Os nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cuxa habilitación ou cualificación profesional fose obtida nalgún deses Estados para o desempeño das funcións de seguranza privada nel, poderán desempeñar actividades ou prestar servizos de seguranza privada en España, sempre que, logo de comprobación do Ministerio do Interior, se acredite que cumpren os seguintes requisitos:

a) Posuír algunha titulación, habilitación ou certificación expedida polas autoridades competentes de calquera Estado membro ou de Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que os autorice para o exercicio de funcións de seguranza privada nel.

b) Acreditar os coñecementos, formación e aptitudes equivalentes aos exixidos en España para o exercicio das profesións relacionadas coa seguranza privada.

c) Ter coñecementos de lingua castelá suficientes para o normal desempeño das funcións de seguranza privada.

d) Os previstos nas letras b, e, f, g e h, do número 2 deste artigo.

4. A carencia ou insuficiencia de coñecementos ou aptitudes necesarios para o exercicio das actividades de seguranza privada en España dos nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo poderase suplir por aplicación das medidas compensatorias previstas na normativa vixente sobre recoñecemento de cualificacións profesionais.

5. A perda dalgún dos requisitos indicados producirá a cancelación da habilitación, que será acor-

dada polo ministro do Interior, en resolución motivada ditada con audiencia do interesado.

6. A inactividade do persoal de seguranza por tempo superior a dous anos exixirá o seu sometemento a novas probas para poder desempeñar as funcións que lle son propias.»

**Disposición adicional única.** *Modificacións na regulación da actividade de detective privado.*

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, levaranse a cabo as modificacións regulamentarias necesarias para garantir o recoñecemento mutuo das cualificacións profesionais para o exercicio da actividade de detective privado.

**Disposición derogatoria única.** *Eficacia derogatoria.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto lei.

2. Non obstante, as previsións contidas no Regulamento de seguranza privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, que demanden, en virtude do previsto neste real decreto lei, unha posterior modificación, continuarán sendo de aplicación ata que se proceda á devandita adaptación regulamentaria.

3. As modificacións regulamentarias a que se refire o número anterior deberanse adoptar no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**16825** *CORRECCIÓN de erros da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. («BOE» 230, do 25-9-2007.)*

Advertido erro na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 19, de 19 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2563, na disposición adicional décimo primeira, onde di: «De conformidade co disposto no artigo 1.3 g) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 24 de marzo, ...», debe dicir: «De conformidade co disposto no artigo 1.3 g) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ...».